


VIA
XIV **FIC**
VERÍN
2024

29 AGO - 07 SET

PILULA AZUL
OU VERME-
LLA?



ORGANIZA:



ASOCIACIÓN
CULTURAL

**VIA
XIV** **FIC
VERÍN
2024**



Más información en:



facebook.com/ficviaxiv




[@ficviaxiv](https://twitter.com/ficviaxiv)




[@ficviaxiv](https://instagram.com/ficviaxiv)

www.verin.es

ÍNDICE

- 
- 5 // Patrocinadores e colaboradores**
Patrocinadores y colaboradores
- 7 // Saúdas**
Saludos
- 10 // Xurado e Premios**
Jurado y premios
- 13 // Actividades Paralelas**
Actividades Paralelas
- 28 // Programa**
Programa
- 31 // Guía de curtas FIC Vía XIV 2024**
Guía de cortos FIC Vía XIV 2024
- 58 // Equipo de traballo**
Equipo de trabajo

**VIA
XIV** **FIC
VERÍN
2024**



PATROCINADORES E COLABORADORES

PATROCINADORES Y COLABORADORES

ORGANIZAN



PATROCINAN



COLABORAN



SAÚDO DO CONCELLO DE VERÍN

“O cinema é universal, máis aló de fronteiras, bandeiras e pasaportes”. A frase é de Alejandro González Iñárritu, o oscarizado director mexicano de “Amores perros”, pero podería ser perfectamente o lema do Festival Internacional de Curtas de Verín.

Dinamitar as fronteiras mentais, como no nosa sección “Horizontes”, aproveitar a irmandade lingüística con Portugal, no apartado de “Raia”, e acoller as mellores novidades internacionais, como en “Nova”, son xa un selo de identidade do FIC Vía XIV recoñecido en todos os ámbitos da filmografía internacional.

Na nosa novena edición, superadas xa todas as etapas e os medos da aprendizaxe, dos primeiros pasos e da procura da propia identidade, erguémonos xa con madurez e coa seguridade que dar ter un discurso propio.

O FIC Vía XIV é un dos orgullos do Concello de Verín, e desde el agradecemos o traballo de todos os participantes nesta iniciativa, este ano máis inclusiva que nunca, que se ten convertido nun magnífico exemplo de como o cinema pode transformar a nosa comunidade, desde o eido local.

Noraboa a todas e todos, e desfrutade do especial pracer de superar todas as fronteiras.

Concello de Verín



SALUDO DEL CONCELLO DE VERÍN

“El cine es universal, más allá de fronteras, banderas y pasaportes”. La frase es de Alejandro González Iñárritu, el oscarizado director mexicano de “Amores perros”, pero podría ser perfectamente el lema del Festival Internacional de Cortometrajes de Verín.

Dinamitar las fronteras mentales, como en nuestra sección “Horizontes”, aprovechar la hermandad lingüística con Portugal, en el apartado de “Raia”, y acoger las mejores novedades internacionales, como en “Nova”, son ya un sello de identidad del FIC Vía XIV reconocido en todos los ámbitos de la filmografía internacional.

En nuestra novena edición, superadas ya todas las etapas y los miedos del aprendizaje, de los primeros pasos y de la búsqueda de la propia identidad, nos alzamos ya con madurez y con la seguridad que da tener un discurso propio.

El FIC Vía XIV es uno de los orgullos del Ayuntamiento de Verín, y desde él agradecemos el trabajo de todos los participantes en esta iniciativa, este año más inclusiva que nunca, que se ha convertido en un magnífico ejemplo de cómo el cine puede transformar nuestra comunidad, desde el ámbito local.

Enhorabuena a todas y todos, y disfrutad del especial placer de superar todas las fronteras.

Concello de Verín

SAÚDA DO EQUIPO ORGANIZADOR

Co foco posto no talento local e o turismo

Case unha década do FIC Vía XIV. Nove voltas ao sol nos que a equipa do FIC mutou, evolucionou e medrou. Nestes case dez anos de vida crecemos a canda o festival. Esta edición afrontámola coa mesma paixón que a primeira e coa ilusión de consolidar a Verín como a capital do cinema da contorna.

A equipa que fai posible o festival, encabezada pola directiva da Asociación Cultural Vía XIV, cremos que o cinema pode ser unha canle a través da que mudar o que nos rodea. Nestes nove anos de vida, vimos como xente nova de Verín se acabou convertendo en profesional do sector, como cada ano se achegan ata as nosas latitudes máis persoas do mundo da cultura que se interesan pola vila e, sobre todo, como o festival creou comunidade con hosteleiras, tendeiros, veciñas dun e do outro lado da raia, rapazada.

Nesta 9º edición, o Festival Internacional de Curtametraxes Vía XIV pon o foco máis alá das pantallas. Consolidámonos na rúa, nos bares, na xente. O FIC leva anos potenciando un turismo sostible que poña a Verín no centro, servindo de canle para dar a coñecer a nosa contorna, gastronomía e riqueza. Por iso, nesta edición programamos unha chea de actividades para vivir Verín cos cinco sentidos. Dende proxeccións ata eventos culinarios, pasando por programación musical e obradoiros.

Máis dunha semana de programación 360 que non sería posible sen todos os patrocinadores que nos apoian. Cada ano son máis as persoas que, a través dos seus proxectos propios, deciden apostar por un festival que xa forma parte do eixo que sostén o tecido cultural activo da comarca. Ademais, tamén queremos agradecer o respaldo constante do Concello de Verín e a súa aposta pola cultura de proximidade.

Co desexo de que todos e todas poidades gozar da axenda programática que con todo o agarimo deseñamos este ano, e que podedes consultar neste catálogo, queremos agradecervos tamén a vós, espectadoras e asistentes, o voso incondicional apoio, sen que o FIC non existiría.



SALUDO DEL EQUIPO ORGANIZADOR

Con el foco puesto en el talento y turismo local

Casi una década del FIC Vía XIV. Nueve vueltas al sol en las que el equipo del FIC ha mutado, evolucionado y crecido. En estos casi diez años de vida hemos crecido junto con el festival. Esta edición la afrontamos con la misma pasión que la primera y con la ilusión de consolidar a Verín como la capital del cine de la comarca.

El equipo que hace posible el festival, encabezado por la directiva de la Asociación Cultural Vía XIV, creemos que el cine puede ser un canal a través del cual cambiar lo que nos rodea. En estos nueve años de vida, hemos visto cómo gente joven de Verín se ha convertido en profesional del sector, cómo cada año se acercan hasta nuestras latitudes más personas del mundo de la cultura que se interesan por la localidad y, sobre todo, cómo el festival ha creado comunidad con hosteleros, tenderos, vecinos de un lado y del otro de la raya, y jóvenes.

En esta 9ª edición, el Festival Internacional de Cortometrajes Vía XIV pone el foco más allá de las pantallas. Nos consolidamos en la calle, en los bares, en la gente. El FIC lleva años potenciando un turismo sostenible que pone a Verín en el centro, sirviendo de canal para dar a conocer nuestro entorno, gastronomía y riqueza. Por eso, en esta edición hemos programado una gran cantidad de actividades para vivir Verín con los cinco sentidos. Desde proyecciones hasta eventos culinarios, pasando por programación musical y talleres.

Más de una semana de programación 360 que no sería posible sin todos los patrocinadores que nos apoyan. Cada año son más las personas que, a través de sus propios proyectos, deciden apostar por un festival que ya forma parte del eje que sostiene el tejido cultural activo de la comarca. Además, también queremos agradecer el respaldo constante del Ayuntamiento de Verín y su apuesta por la cultura de proximidad.

Con el deseo de que todos y todas podáis disfrutar de la agenda programática que con todo el cariño hemos diseñado este año, y que podéis consultar en este catálogo, queremos agradecer también a vosotros, espectadores y asistentes, vuestro incondicional apoyo, sin el cual el FIC no existiría.

XURADO

Membros do xurado oficial do FIC XIV 2024

Nora Sola

Xornalista, empresaria e directora de sete edicións do Festival Internacional de Cine Independente de Ourense, Nora Sola é unha profesional que estivo toda a súa vida vinculada aos medios de comunicación. Posúe unha ampla experiencia en prensa, radio e televisión que abarca todos os campos, desde a produción ata a dirección en todos e cada un dos seus proxectos. Na actualidade, e tras a súa xubilación, é colaboradora habitual en diferentes programas de radio e televisión, coordinadora do Club de Lectura e do Grupo de Teatro Lido Berenguela, así como vicepresidenta do Club de Leones Ourense Calpurnia.

Severiano Casalderrey

Docente, ensaísta, crítico e curador de cinema. Resultou gañador na categoría de ensaio de cinema internacional nos VI Premios María Luz Morales (2022), ademais dun accésit na edición anterior. É membro da Academia de Cine de España (responsable dos Premios Goya) e da Academia Galega do Audiovisual (organizadora dos Premios Mestre Mateo). Foi director do festival de animación ANIRMAU (2010-13), ademais de formar parte do equipo de programación do FICBUEU (2012-23). Na actualidade, desenvolve a súa actividade no festival de animación IMAXINARIA (A Coruña) e outros proxectos da produtora viguesa Abella Producións. De igual xeito, participou como xurado en máis de 15 festivais internacionais como o Cinanima, TIDCA-Taipei, Curtas Vila do Conde o PortoFemme, entre outros.

Teatro Experimental Flaviense (TEF)

Este ano o FIC Vía XIV colabora co Festival Entrecurtas de Chaves para crear sinerxías alén da Raia a través do cinema. Por iso, o xurado oficial do FIC tamén contará co voto de membros do Entre Curtas, festival organizado polo Teatro Experimental Flaviense (TEF). Participarán Alexandrina Maria Diz Martins (presidenta da dirección do TEF), Ana Catarina Borges ponteira (secretaria da dirección do TEF) e Pedro Guerra de Freitas (técnico audiovisual do TEF), sendo a portavoz Alexandrina Maria Diz Martins.

O TEF - Teatro Experimental Flaviense - é unha cooperativa cultural propietaria do CineTeatro Bento Martins, en Chaves, un local no que exploran as posibilidades do teatro e do cinema e organizan festivais, eventos de danza, debates e promoven, en xeral, a cultura na vila. O TEF tamén dinamiza o cineclub de Chaves, recoñecido pola Federación Portuguesa de Cineclubes, promovendo a exhibición do Cinema Alternativo en Chaves.



JURADO

Miembros del jurado oficial del FIC XIV 2024

Nora Sola

Periodista, empresaria y directora de siete ediciones del Festival Internacional de Cine Independiente de Ourense, Nora Sola es una profesional que ha estado toda su vida vinculada a los medios de comunicación. Posee una amplia experiencia en prensa, radio y televisión que abarca todos los campos, desde la producción hasta la dirección en cada uno de sus proyectos. Actualmente, tras su jubilación, es colaboradora habitual en diferentes programas de radio y televisión, coordinadora del Club de Lectura y del Grupo de Teatro Lido Berenguela, así como vicepresidenta del Club de Leones Ourense Calpurnia..

Severiano Casalderrey

Docente, ensayista, crítico y curador de cine. Ganador en la categoría de ensayo de cine internacional en los VI Premios María Luz Morales (2022), además de obtener un accésit en la edición anterior. Es miembro de la Academia de Cine de España (responsable de los Premios Goya) y de la Academia Gallega del Audiovisual (organizadora de los Premios Mestre Mateo). Fue director del festival de animación ANIRMAU (2010-13), además de formar parte del equipo de programación del FICBUEU (2012-23). Actualmente, desarrolla su actividad en el festival de animación IMAXINARIA (A Coruña) y otros proyectos de la productora viguesa Abella Produccións. También ha participado como jurado en más de 15 festivales internacionales como Cinanima, TIDCA-Taipei, Curtas Vila do Conde y PortoFemme, entre otros.

Teatro Experimental Flaviense (TEF)

Este año el FIC Vía XIV colabora con el Festival Entrecurtas de Chaves para crear sinergias más allá de la Raya a través del cine. Por eso, el jurado oficial del FIC también contará con el voto de miembros del Entrecurtas, festival organizado por el Teatro Experimental Flaviense (TEF). Participarán Alexandrina Maria Diz Martins (presidenta de la dirección del TEF), Ana Catarina Borges Ponteira (secretaria de la dirección del TEF) y Pedro Guerra de Freitas (técnico audiovisual del TEF), siendo la portavoz Alexandrina Maria Diz Martins.

El TEF - Teatro Experimental Flaviense - es una cooperativa cultural propietaria del CineTeatro Bento Martins, en Chaves, un local en el que exploran las posibilidades del teatro y del cine y organizan festivales, eventos de danza, debates y promueven, en general, la cultura en la villa. El TEF también dinamiza el cineclub de Chaves, reconocido por la Federación Portuguesa de Cineclubes, promoviendo la exhibición del Cine Alternativo en Chaves.

PREMIOS

Premio do Xurado á **Mellor Curtametraxe da Categoría Horizontes**

750€ e Trofeo.

Premio do Xurado á **Mellor Curtametraxe da Categoría Oficial A Raia**

750€ e Trofeo.

Premio do Xurado á **Mellor Curtametraxe da Categoría Oficial Nova**

(patrocinado por Fundación Dentalnova)

750€ e Trofeo.

Premio Especial do Público á Mellor Curtametraxe

600€ e Trofeo.

Premio Xurado Novo

Un lote de produtos de artesanía e gastronomía local e un galardón.

PREMIOS

Premio del Jurado al **Mejor Cortametraxe de la Categoría Horizontes**

750€ y Trofeo.

Premio del Jurado al **Mejor Cortametraxe de la Categoría Oficial A Raia**

750€ y Trofeo.

Premio del Jurado al **Mejor Cortametraxe de la Categoría Oficial Nova**

(patrocinado por Fundación Dentalnova)

750€ y Trofeo.

Premio Especial del Público al Mejor Cortometraje

600€ y Trofeo.

Premio Xurado Novo

Un lote de produtos de artesanía y gastronomía local y un galardón.

ACTIVIDADES PARALELAS

Miembros del jurado oficial del FIC XIV 2024

Caspervek: música fóra da pantalla

O FIC Vía XIV comeza por todo o alto cunha actividade que xa está consolidada como tradición do festival. O cinema sae ao centro de Verín, pero vai máis alá de proxeccións ao uso. Nesta actividade, o grupo Caspervek musicalizará ao aire libre e en directo as curtas Fantasmagorie, Alicia no País das Marabillas e Sherlock Holmes.

Caspervek: música fuera de la pantalla

El FIC Vía XIV comienza por todo lo alto con una actividad que ya se ha consolidado como tradición del festival. El cine sale al centro de Verín, pero va más allá de proyecciones al uso. En esta actividad, el grupo Caspervek musicalizará al aire libre y en directo los cortometrajes Fantasmagorie, Alicia en el País de las Maravillas y Sherlock Holmes.

Pincho Cine

Grazas ao apoio incondicional do tecido hostaleiro da vila de Verín, o FIC retoma nesta edición o Pincho Cine, unha actividade gastronómica que permite aos veciños e veciñas degustar unha selección de pinchos con temática cinematográfica nos bares e restaurantes da vila durante a celebración do festival. Este ano, como novidade, o público pode votar o seu pincho favorito e, ademais, tamén se celebra un sorteo entre as persoas participantes.

Pincho Cine

Gracias al apoyo incondicional del tejido hostelero de Verín, el FIC retoma en esta edición el Pincho Cine, una actividad gastronómica que permite a los vecinos y vecinas degustar una selección de pinchos con temática cinematográfica en los bares y restaurantes de la localidad durante la celebración del festival. Este año, como novedad, el público puede votar por su pincho favorito y, además, también se celebra un sorteo entre las personas participantes.

oriXes: dez anos de Nova Era

O audiovisual pode servir como ferramenta de autocoñecemento. Nesta edición do FIC mergullámonos na historia dunha chea de rapaces e rapazas da contorna que atoparon na música tradicional o seu espazo creativo. Dez anos da banda de gaitas Nova Era, un espazo que revitalizou a música tradicional da zona e que lle permitiu a moita xente ter a posibilidade de tocar un instrumento en comunidade. Este documental é un percorrido polos dez anos de vida do corazón musical de Verín.

oriXes: diez años de Nova Era

El audiovisual puede servir como herramienta de autoconocimiento. En esta edición del FIC nos sumergimos en la historia de una cantidad de chicos y chicas de la comarca que encontraron en la música tradicional su espacio creativo. Diez años de la banda de gaitas Nova Era, un espacio que ha revitalizado la música tradicional de la zona y que ha permitido a muchas personas la posibilidad de tocar un instrumento en comunidad. Este documental es un recorrido por los diez años de vida del corazón musical de Verín.

Experiencia Multisensorial: fusión de viños Monterrei, gastronomía e música con Begoña Vázquez e a Denominación de Orixe

Begoña Vázquez, gañadora do premio Cociñeiro Galego do Ano 2024 e a primeira muller en conseguilo, acompañanos nesta experiencia culinaria a descubrir a riqueza gastronómica da nosa contorna a través dunha cata xunto á Denominación de Orixe Monterrei, un dos patrocinadores que fan posible o FIC Vía XIV e insignia da gastronomía da nosa contorna. A de Monterrei é unha das cinco denominacións de orixe vinícolas galegas. A mesma abarca os municipios de Verín, Monterrei, Vilardevós, Riós, Oímbra e Castrelo do Val. Está conformada por 29 adegas. Os viñedos desta D.O ocupan un total de 720 hectáreas de territorio nas que traballan 375 viticultores. Ademais, haberá unha maridaxe con produtos locais. Begoña é unha das cociñeiras máis salientables do panorama actual e nas súas creacións predomina a mestura entre cociña tradicional e de vangarda. Unha experiencia multisensorial que mestura viño, comida e música, estimulando todos os sentidos das persoas participantes de xeito armonioso e complementario.

Experiencia Multisensorial: fusión de vinos Monterrei, gastronomía y música con Begoña Vázquez y la Denominación de Origen

Begoña Vázquez, ganadora del premio Cocinero Gallego del Año 2024 y la primera mujer en conseguirlo, nos acompaña en esta experiencia culinaria para descubrir la riqueza gastronómica de nuestra comarca a través de una cata junto a la Denominación de Origen Monterrei, uno de los patrocinadores que hacen posible el FIC Vía XIV y una insignia de la gastronomía de nuestra región. Monterrei es una de las cinco denominaciones de origen vinícolas gallegas, abarcando los municipios de Verín, Monterrei, Vilardevós, Riós, Oímbra y Castrelo do Val. Está conformada por 29 bodegas y los viñedos de esta D.O. ocupan un total de 720 hectáreas, en las que trabajan 375 viticultores. Además, habrá un maridaje con productos locales. Begoña es una de las cocineras más destacadas del panorama actual y en sus creaciones predomina la mezcla entre cocina tradicional y vanguardista. Una experiencia multisensorial que combina vino, comida y música, estimulando todos los sentidos de los participantes de manera armoniosa y complementaria.

Cinema da Casa

A sección oficial do concurso acolle unha categoría especial para curtas realizadas por artistas locais e proxectos vinculados directamente coa nosa contorna. Deste xeito, o FIC Vía XIV mantén a súa liña de potenciar o talento audiovisual e creativo da veciñanza de Verín e arredores, ofrecendo un espazo no certame onde creadores e creadoras da contorna poidan amosar os seus traballos. Este ano, no slot local proxectaranse as curtas 'Flores de paja', 'O Entroido en Camba', 'Nai' e 'Malditos Bastardos'.

Cinema da Casa

La sección oficial del concurso acoge una categoría especial para cortometrajes realizados por artistas locales y proyectos vinculados directamente con nuestra comarca. De este modo, el FIC Vía XIV mantiene su línea de potenciar el talento audiovisual y creativo de los vecinos de Verín y alrededores, ofreciendo un espacio en el certamen donde los creadores de la zona puedan mostrar sus trabajos. Este año, en el slot local se proyectarán los cortos 'Flores de paja', 'O Entroido en Camba', 'Nai' y 'Malditos Bastardos'.

Curtas de Cinema da casa

FLORES DE PAJA



Daniel Dapía
Galicia - 2019
21'50"

Aldea de Vila de Sire, outono de 1938. Soledade e Concepción, dúas irmás viúvas por culpa da Guerra Civil, viven soas na casa na que naceron. Os seus maridos pertencían a bandos contrarios e elas loitan por sobrevivir a unha guerra que aínda as separa.

Aldea de Vila de Sire, otoño de 1938. Soledad y Concepción, dos hermanas viudas por culpa de la Guerra Civil, viven solas en la casa en la que nacieron. Sus maridos, pertenecían a bandos contrarios y ellas luchan por sobrevivir a una guerra que todavía las separa.

Daniel Dapía Barral. Licenciado en Filosofía, publicou a obra teatral Evocación do raio e relatos e reseñas en distintas revistas literarias. Dirixiu dúas curtametraxes: "Flores de paja" e "Mar en silencio."

Daniel Dapía Barral. Licenciado en Filosofía, ha publicado la obra teatral Evocación do raio y relatos y reseñas en distintas revistas literarias. Ha dirigido dos cortometrajes: "Flores de paja" y "Mar en silencio".

NAI



Tito Refoxo
Galicia - 2024
15'52"

Rois, 1970, no máis profundo da Galiza, a desaparición dunha rapaza fai tremer os cimentos da familia Bandín. Tan só un complexo plan poderá esclarecer o destino final da cativa.

Rois, 1970, en la Galicia profunda, la desaparición de una niña hace temblar los cimientos de la familia Bandín. Tan sólo un complejo plan podrá esclarecer el destino final de la niña.

Tito Refoxo Catoira 1993 (Galicia) é actor e director. Como actor participa en series como: Clans (netflix), Rapa (movistar+), Serramoura (tv), Viradeira (tv). Como director a súa primeira obra leva o título de "Nai"

Tito Refoxo Catoira 1993 (Galicia), actor y director. Como actor participa en Clanes (netflix), Rapa (movistar+), Serramoura (tv), Viradeira (tv). Como director su primera obra lleva el título de "Nai"

Curtas de Cinema da casa

O ENTROIDO EN CAMBA



Laura Prieto
Galicia - 2024


O entroido en Camba xa non se celebra, xa non saen os peliqueiros a recorrer as rúas e encher de alegría un pobo que agora está case baleiro. A través dos recordos da súa familia, a directora vai reconstruíndo anécdotas que nos axudan a recordar como era o entroido de Camba.

El entroido en Camba ya no se celebra, los peliqueiros ya no salen a recorrer las calles y llenar de alegría un pueblo que ahora está casi vacío. A través de los recuerdos de su familia, la directora va reconstruyendo anécdotas que nos ayudan a recordar como era el entroido de Camba.

Laura Prieto vive en Castro Caldelas, na Ribeira Sacra. Estuda Administración e Dirección de Empresas e, este ano, rematou un ciclo de fotografía, a súa verdadeira paixón. Gústalle o fotoxornalismo e xénero documental.

Laura Prieto vive en Castro Caldelas, en la Ribeira Sacra. Estudia Administración y Dirección de Empresas y este año ha terminado un ciclo de fotografía, su verdadera pasión. Le gusta el fotoperiodismo y el género documental.

MALDITOS BASTARDOS



Santi Cañaveral
Galicia - 2024

Un soldado da Alemaña nazi é secuestrado polos Bastardos. Unha banda de xudeus que pretenden interrogar aos soldados alemáns sobre o paradeiro do resto. Do contrario, atoparán a morte.

Un soldado de la Alemania nazi es secuestrado por Los Bastardos. Una banda de judíos que pretenden interrogar a los soldados alemanes sobre el paradero del resto. De lo contrario encontrarán la muerte.

Santi Cañaveral, de Verín, sempre foi un apaixonado do cinema. Estou interpretación e dirección de escena e, dende fai 5 anos, dirixe a escola de teatro Kotodama en Verín

Santi Cañaveral, de Verín, siempre ha sido un apasionado del cine. Ha estudiado interpretación y dirección de escena, y desde hace 5 años dirige la escuela de teatro Kotodama en Verín.

PALESTRA PROFESIONAL

Ao longo do festival haberá distintos espazos para o encontro entre profesionais do sector. O FIC Vía XIV crea sinerxías entre técnicas, artistas e xestoras audiovisuais co fin de xerar conexións ao redor da cultura en Verín.

PALESTRA PROFESIONAL

A lo largo del festival habrá distintos espacios para el encuentro entre profesionales del sector. El FIC Vía XIV crea sinergias entre técnicos, artistas y gestores audiovisuales con el fin de generar conexiones alrededor de la cultura en Verín.

Proxección da curtametraxe de Touriñán 'Nena'

'Nena' é a estrea como guionista e codirector de Xosé A. Touriñán, un dos nomes máis salientables do audiovisual galego. Nesta curta ponnos na pel dunha nena de doce anos que, trala morte da nai, ten que cargar co peso familiar. Unha historia que nos deixa á intemperie. Unha realidade que reflexiona sobre a carga e o rol que ten que asumir a protagonista ante a incapacidade do seu redor.

Proyección del Cortometraje de Touriñán 'Nena'

'Nena' es el debut como guionista y codirector de Xosé A. Touriñán, uno de los nombres más destacados del audiovisual gallego. En este corto nos pone en la piel de una niña de doce años que, tras la muerte de su madre, tiene que cargar con el peso familiar. Una historia que nos deja a la intemperie, reflexionando sobre la carga y el rol que debe asumir la protagonista ante la incapacidad de su entorno.

As Bichas

Rosalía Macías e Sofía Caamaño, ou Rosi&Sofi, son dúas xornalistas serias que neste podcast fan de reporteiros dicharacheras. Da man da Revista Luzes, sobrealizan mes a mes temas que lles resoan e para os que, moitas veces, nin elas mesmas teñen resposta. No FIC Vía XIV realizan un episodio en directo no que falan de como o xénero e a clase atravesan a cultura e tamén

sobre como moitos produtos audiovisuais nos fan ampliar os nosos lindes mentais. Coa colaboración especial de Mariana Carballal.

As Bichas

Rosalía Macías y Sofía Caamaño, o Rosi & Sofi, son dos periodistas serias que en este podcast se convierten en reporteras dicharacheras. De la mano de la Revista Luzes, sobrealizan mes a mes temas que les resuenan y para los que, muchas veces, ni ellas mismas tienen respuesta. En el FIC Vía XIV realizan un episodio en directo en el que hablan de cómo el género y la clase atraviesan la cultura, y también de cómo muchos productos audiovisuales nos hacen ampliar nuestros límites mentales. Con la colaboración especial de Mariana Carballal.

Aquí Tou! Un monólogo de Touriñán

Aquí Tou! é un monólogo a través do que poderemos achegarnos ao Touri máis natural. Nel, Touriñán acercanos con humor aos fitos da súa vida. Un percorrido íntimo e divertido polas súas casuísticas vitais. Neste monólogo, o gran cómico galego do momento, ao tempo que se analiza a el, retrátanos a todas.

Aquí Tou! Un monólogo de Touriñán

Aquí Tou! es un monólogo a través del cual podremos acercarnos al Touri más natural. En él, Touriñán nos acerca con humor a los hitos de su vida. Un recorrido íntimo y divertido por sus vivencias personales. En este monólogo, el gran cómico gallego del momento, al tiempo que se analiza a sí mismo, nos retrata a todos.

Concerto de Sophie Simonds

Sophie Simonds é multinstrumentista, compositora e directora creativa. Natural de Londres, pero afincada na Coruña. Conta cunha ampla carreira musical. Utiliza a música para loitar contra os estigmas que acarreen as persoas con problemas de saúde mental. Este ano, o FIC XIV acolle os seus intensos directos de rock, blues, funk e soul. Versións e pezas orixinais que destacan pola súa gran voz, a enerxía e o coidado dos seus solos de saxofón.

Concierto de Sophie Simonds

Sophie Simonds es multiinstrumentista, compositora y directora creativa. Natural de Londres, pero afincada en A Coruña. Cuenta con una amplia carrera musical. Utiliza la música para luchar contra los estigmas que llevan consigo las personas con problemas de salud mental. Este año, el FIC XIV acoge sus intensos directos de rock, blues, funk y soul. Versiones y piezas originales que destacan por su gran voz, la energía y el cuidado en sus solos de saxofón.

Exposición: As mulleres da cooperativa

Sabela Souto é fotógrafa e, ademais, traballa como produtora dentro equipo do FIC Vía XIV. Nesta edición, presenta a exposición As mulleres da cooperativa. Un traballo fotográfico a través do que poñerse na pel de 32 das mulleres que crearon a primeira cooperativa textil da vila, que serviu de pilar para erixir a industria textil na contorna. Esta exposición fotográfica pon en valor o seu traballo e narra como a inserción ao mercado laboral lles brindou moitas máis liberdades ou incluso, moitos casos, servía como sustento base da familia. Tras a inauguración da exposición, haberá un coloquio coas protagonistas.

Exposición: Las mujeres de la cooperativa

Sabela Souto es fotógrafa y, además, productora dentro del equipo del FIC Vía XIV. En esta edición, presenta la exposición Las mujeres de la cooperativa. Un trabajo fotográfico a través del cual ponerse en la piel de 32 de las mujeres que crearon la primera cooperativa textil de la villa, que sirvió de pilar para erigir la industria textil en la comarca. Esta exposición fotográfica pone en valor su trabajo y narra cómo la inserción en el mercado laboral les brindó muchas más libertades o, incluso, en muchos casos, servía como sustento básico de la familia. Tras la inauguración de la exposición, habrá un coloquio con las protagonistas.

Audiovisual para non esquecer

Con motivo do aniversario da Revolución dos Cravos (25 de abril), o FIC VIA XIV pon o foco este ano nun dos fitos que contribuíron ao cambio de pensamento da sociedade portuguesa. Foi o célebre discurso de Humberto Delgado proferido no Cine-Teatro de Chaves, no que o denominado "Xeneral sen Medo" pronunciaría as palabras "Estou pronto para morrer pola liberdade". A partir de aquí, exploramos e como os excesos do réxime foron progresivamente quebrando a ditadura desde dentro, e como estas accións influíron na culminación revolucionaria.

A actividade artículase ao redor de dous filmes. Rubén Sevivas, actor e cineasta de Chaves, presenta a súa curtametraxe *Direito a Memoria*. Nela, achéganos ao discurso de Humberto Delgado, o "Xeneral sen medo". Ademais, proxectarase outra curta vinculada en feitos á primeira. O *Casaco Rosa*, de Mónica Santos, aborda a figura do policía que asasinou ao "Xeneral sen medo". Esta película-musical política fálanos dun abrigo rosa que sae do armario e transforma o taller de costura nunha sala de tortura de maneira metafórica. O evento estará moderado por Rubén Sevivas coa presenza de Mónica Santos.

Audiovisual para no olvidar

Con motivo del aniversario de la Revolución de los Claveles (25 de abril), el FIC VÍA XIV pone el foco este año en uno de los hitos que contribuyeron al cambio de pensamiento en la sociedad portuguesa. Fue el célebre discurso de Humberto Delgado pronunciado en el Cine-Teatro de Chaves, en el que el denominado "General sin Miedo" dijo las palabras "Estoy listo para morir por la libertad". A partir de aquí, exploramos cómo los excesos del régimen fueron progresivamente quebrando la dictadura desde dentro, y como estas acciones influyeron en la culminación revolucionaria.

*La actividad se articula alrededor de dos películas. Rubén Sevivas, actor y cineasta de Chaves, presenta su cortometraje *Direito a Memoria*. En ella, nos acerca al discurso de Humberto Delgado, el 'General sin miedo'. Además, se proyectará otro corto vinculado a los hechos del primero. O *Casaco Rosa*, de Mónica Santos, aborda la figura del policía que asesinó al "General sin miedo". Esta película-musical política nos habla de un abrigo rosa que sale del armario y transforma el taller de costura en una sala de tortura de manera metafórica. El evento estará moderado por Rubén Sevivas con la presencia de Mónica Santos.*

Verín no foco: hoxe é feira

A equipa do FIC VÍA XIV aventurase este ano, cámara en man, na feira de Verín para gravar unha curta que se adentre nas historias de vida das nosas tendeirás de confianza. A peza que resulte desta xornada poderá visualizarse en liña. O FIC continúa sendo contedor e creador de cinema inspirado na nosa comarca e, desta volta, quere mover os marcos mentais de como acostumamos ver a feira de Verín para poder observala dende detrás dos postos.

Verín en el foco: hoy es feria

El equipo del FIC VÍA XIV se aventura este año, cámara en mano, en la feria de Verín para grabar un corto que se adentre en las historias de vida de nuestras tenderas de confianza. La pieza que resulte de esta jornada podrá visualizarse en línea. El FIC continúa siendo contenedor y creador de cine inspirado en nuestra comarca y, esta vez, quiere mover los marcos mentales de cómo solemos ver la feria de Verín para poder observarla desde detrás de los puestos.

Festivais convidados: Entre Curtas, do Teatro Experimental Flaviense

Un dos fitos desta edición é a colaboración con outros dous festivais de cinema. O FIC Vía XIV ven traballando na construción de lazos coa veciñanza de Chaves e este ano afianzamos esta unión coa colaboración do seu festival Entre Curtas, a través do que se proxectarán tres dos filmes que foron premiados nel. Ademais, haberá un coloquio entre as directivas de ambos festivais nos que explorarán as posibilidades que ofrece a colaboración entre eventos dun e doutro lado da Raia.

Festivales invitados: Entre Cortos, del Teatro Experimental Flaviense

Uno de los hitos de esta edición es la colaboración con otros dos festivales de cine. El FIC Vía XIV lleva tiempo trabajando en la construcción de lazos con la vecindad de Chaves y este año afianzamos esta unión con la colaboración de su festival Entre Curtas, a través del cual se proyectarán tres de las películas que fueron premiadas en él. Además, habrá un coloquio entre las directivas de ambos festivales en los que explorarán las posibilidades que ofrece la colaboración entre eventos de un lado y otro de la Raia.

Festival convidado: MICE

Un dos fitos desta edición é a colaboración con outros dous festivais de cinema. Nesta edición contamos con dous festivais convidados. Un deles é a Mostra Internacional de Cinema Etnográfico (MICE) de Santiago de Compostela. Man a man coa súa directora e equipo adentrarémonos no cinema patrimonial e as implicacións que ten para o desenvolvemento das comunidades, o mantemento de riqueza cultural e a creación das identidades.

Festival invitado: MICE

Uno de los hitos de esta edición es la colaboración con otros dos festivales de cine. En esta edición contamos con dos festivales invitados. Uno de ellos es la Mostra Internacional de Cinema Etnográfico (MICE) de Santiago de Compostela. De la mano de su directora y equipo, nos adentraremos en el cine patrimonial y las implicaciones que tiene para el desarrollo de las comunidades, el mantenimiento de la riqueza cultural y la creación de las identidades.

'Vivas' con Rubén Riós

Este ano, o FIC Vía XIV traballa man a man co recoñecido actor local Rubén Riós. Queres ver en primeira persoa como se constrúe un documental? Está actividade é un work in progress dun proxecto cinematográfico que se adentra na situación que viven as mulleres que padeceron violencia de xénero dun e do outro lado da Raia.

'Vivas' con Rubén Riós

Este año, el FIC Vía XIV trabaja mano a mano con el reconocido actor local Rubén Riós. ¿Quieres ver en primera persona cómo se construye un documental? Esta actividad es un work in progress de un proyecto cinematográfico que se adentra en la situación que viven las mujeres que han sufrido violencia de género a ambos lados de la Raia.

Concerto de Diego Castro

Despois de vintecinco anos adicándose á música profesionalmente en infinidade de formacións, Diego Castro lanza o seu primeiro proxecto en solitario, cun estilo moi persoal que fusiona a música de raíz norteamericana e galega. Letras comprometidas e intimistas e un blues acústico e cru completan a mestura, que nace con vocación de levar estas cancións a todos o recunchos do país. Acompañado da súa banda ao completo, ofreceránnos unha descarga de enerxía que fará vibrar e bailar a todo tipo de público.

Concierto de Diego Castro

Después de veinticinco años dedicándose a la música profesionalmente en infinidad de formaciones, Diego Castro lanza su primer proyecto en solitario, con un estilo muy personal que fusiona la música de raíz norteamericana y gallega. Letras comprometidas e intimistas y un blues acústico y crudo completan la mezcla, que nace con la vocación de llevar estas canciones a todos los rincones del país. Acompañado de su banda al completo, nos ofrecerán una descarga de energía que hará vibrar y bailar a todo tipo de público.

Concerto de Kedirán

Kedirán nace en Compostela no inverno de 2023 das raíces do tradicional galego, mais conta con influencias balcánicas, do Mediterráneo e do norte da península, froito das diferentes vivencias do compositor Daniel Pazos no lustro que pasou como nómada por Europa. Con este proxecto musical pretenden facer unha labor de recuperación dos sons tradicionais dende unha perspectiva contemporánea e radicalmente diferente a todo o panorama musical galego actual. Este proxecto musical ten como obxectivo último aunar dous mundos: música e circo nun espectáculo único que non deixará a ninguén indiferente.

Concierto de Kedirán

Kedirán nace en Compostela en el invierno de 2023 de las raíces de la música tradicional gallega, pero cuenta con influencias balcánicas, del Mediterráneo y del norte de la península, fruto de las diferentes vivencias del compositor Daniel

Pazos en el lustro que pasó como nómada por Europa. Con este proyecto musical pretenden hacer una labor de recuperación de los sonidos tradicionales desde una perspectiva contemporánea y radicalmente diferente a todo el panorama musical gallego actual. Este proyecto musical tiene como objetivo último aunar dos mundos: música y circo en un espectáculo único que no dejará a nadie indiferente.

Espazo Nosferatu

